

Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión

Última versión

A Constitución española refírese, a través dos artigos 49 e 50, a un sistema de servizos sociais, promovido polos poderes públicos, que permita garantir a protección e atención particulares que necesitan determinados grupos de poboación como o das persoas en risco ou situación de exclusión social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, consonte coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20ª da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, e, facendo uso desa atribución, regulou e desenvolveu o Sistema galego de servizos sociais, a través da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, entre ela, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A lei estrutura e planifica o Sistema galego de servizos sociais e habilita a Administración autonómica no artigo 18.5 para o desenvolvemento e a actualización do catálogo de servizos sociais, por instancia do departamento competente en materia de servizos sociais. Por outra parte, o seu artigo 68.1, segundo a redacción efectuada pola disposición derradeira décimo primeira da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, regula o réxime de autorización administrativa en materia de servizos sociais, e o Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia recolle as garantías e requisitos que deben rexer a prestación de servizos.

En relación con ambas as dúas normas, o Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral de Estado-Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público de Galicia, establece que será aplicable, en todo caso, o principio de eficacia nacional recollido na Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía de unidade do mercado. Así, o réxime de autorización só será exixible en relación cos servizos sociais que impliquen prestacións ligadas á saúde pública.

Por último, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, co obxecto de avanzar no deseño de instrumentos legais e de servizos á cidadanía que equilibren tres aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión; o dereito a un acompañamento e apoio profesional e financeiro para adquirir novas capacidades e cualificacións; e o dereito, unido á responsabilidade individual, de non permanecer nunha situación de dependencia crónica das prestacións públicas. De acordo con isto, a devandita lei integra as prestacións económicas de activación



/inserción vinculadas a itinerarios de traballo social e formativo personalizado e que se desenvolven desde os servizos sociais comunitarios.

A Xunta de Galicia desenvolve un proceso de mellora continua orientado á adaptación dos servizos e recursos ás necesidades reais das persoas. Neste senso, a principal achega da Carteira de servizos sociais de inclusión de Galicia é a asunción dun modelo que supera a visión centrada nos equipamentos e pon o foco nas persoas e na atención dos factores que provocan situacións de vulnerabilidade e determinan as dinámicas de exclusión. Así pois, a Carteira de servizos sociais de inclusión de Galicia, definida como o instrumento mediante o cal se relaciona o conxunto de servizos e prestacións económicas destinados a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social que integran o contido das actuacións previstas no catálogo regulado polo artigo 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, constitúe un novo progreso no que se refire ao proceso de mellora da calidade e de promoción da eficiencia, eficacia, uso e axuste dos servizos e prestacións ás necesidades cambiantes da poboación galega en materia de inclusión social.

A carteira de servizos é froito dun proceso que contou coa participación tanto da Administración xeral e local da Comunidade Autónoma de Galicia como dos axentes sociais, entidades e profesionais que participan no Sistema galego de servizos sociais, o que permitiu o coñecemento e estudo en profundidade da actual oferta de servizos e a identificación de novas necesidades.

En relación co antes exposto, queda xustificada a súa adecuación aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia, principios estes que contribúen ao cumprimento do principio de calidade normativa.

A carteira estrutúrase en dúas grandes áreas: unha primeira de servizos, que inclúe os servizos de prevención e primeira atención, de atención ás necesidades básicas e de atención integrada; e unha segunda área que recolle as prestacións económicas.

De acordo coa citada Lei 13/2008, do 3 de decembro, a carteira recolle para cada servizo a súa denominación, nivel de actuación ou Administración responsable, tipoloxía, definición, obxectivos, destinatarios/as, forma e condicións de acceso, prestacións que incorpora, e a posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais.

Este decreto estrutúrase en cinco artigos, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, tres disposicións derradeiras e un anexo.

De conformidade co disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e coa audiencia ás partes interesadas, o proxecto recibiu informe dos órganos competentes en materia de impacto de xénero, orzamentos, avaliación e rendemento, e previamente informado polo Consello Galego de Benestar Social e foi publicado na páxina web da consellería con competencias en materia de inclusión social.

Na súa virtude, por proposta da persoa titular da Consellería de Política Social, de acordo co Consello Consultivo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día once de febreiro de dous mil dezaseis,

DISPOÑO:

Artigo 1. Obxecto

Constitúe o obxecto desta norma a definición da Carteira de servizos sociais de inclusión.

Artigo 2. Contido da Carteira de servizos sociais de inclusión

1. A Carteira de servizos sociais de inclusión constitúe o instrumento mediante o cal se relaciona o conxunto de servizos e prestacións económicas destinados a abordar as situacións persoais e familiares de vulnerabilidade, pobreza e/ou exclusión social que integran o contido das actuacións previstas no catálogo regulado polo artigo 18 da Lei 13 /2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

2. As prestacións que constitúen o contido dos servizos e as prestacións económicas que forman parte da carteira son as que se enumeran no anexo.

Artigo 3. Ámbito de aplicación

Este decreto será de aplicación a todas as entidades públicas ou privadas recoñecidas polo órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma para a prestación de servizos sociais no ámbito da inclusión.

Artigo 4. Estrutura da carteira

1. A Carteira de servizos sociais de inclusión estrutúrase en dúas áreas: área de servizos e área de prestacións económicas.

2. Inclúense na área de servizos os seguintes:

a) Servizos de prevención e primeira atención:

1º. O servizo de valoración, orientación e información.

2º. O servizo de asesoramento técnico especializado.

3º. O servizo de xestión de prestacións e emisión de informes.

4º. O servizo de promoción da participación social.

4º.1. Sección de inmersión lingüística.

4º.2. Sección de integración sociocultural.



5º. O servizo de sensibilización e prevención da exclusión social.

b) Servizos de atención ás necesidades básicas:

1º. O servizo de cobertura da necesidade de alimento.

1º.1. Sección de hostalaría.

1º.2. Sección de distribución de menús elaborados.

1º.3. Sección de distribución de alimentos.

2º. O servizo de provisión de recursos básicos.

2º.1. Sección de hixiene.

2º.2. Sección de roupeiro.

2º.3. Sección de lavandaría.

2º.4. Sección de apoio material.

3º. O servizo de atención social continuada.

4º. O servizo de atención nocturna.

5º. O servizo de acollida básica.

6º. O servizo de atención na rúa.

7º. O servizo de atención urxente.

c) Servizos de atención integrada:

1º. O servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

1º.1. Sección de inclusión básica.

1º.2. Sección de inclusión e transición ao emprego.

2º. O servizo integral de inclusión sociolaboral.

2º.1. Sección de inclusión básica.

2º.2. Sección de inclusión e transición ao emprego.

3º. O servizo integral de inclusión en procesos terapéuticos.



3º.1. Sección de atención a persoas con trastornos adictivos.

3º. 2. Sección de atención a persoas con patoloxía mental crónica.

4º. O servizo de formación adaptada.

5º. O servizo de apoio á inclusión residencial.

5º.1. Sección de atención ao risco de perda da vivenda habitual.

5º.2. Sección de promoción do acceso e mantemento da vivenda.

6º. O servizo de intervención comunitaria en territorios en exclusión.

7º. O servizo de actuacións en zonas de intervención social especial.

3. Inclúense na área das prestacións económicas as seguintes:

- a) Renda de inclusión social de Galicia (Risga).
- b) Axudas de inclusión social (AIS).
- c) Prestacións económicas destinadas a paliar situacións de necesidade social.

Artigo 5. Réxime de control aplicable á prestación de servizos

1. Requirirán unha comunicación con carácter previo ao inicio da activade os seguintes servizos:

- a) O servizo de valoración, orientación e información.
- b) O servizo de asesoramento técnico especializado.
- c) O servizo de promoción da participación social.
- d) O servizo de sensibilización e prevención da exclusión social.
- e) O servizo de provisión de recursos básicos. Seccións de lavandería e de apoio material.
- f) O servizo de atención na rúa.
- g) O servizo de atención urxente, salvo que se oferte con aloxamento completo, suposto en que será necesaria a presentación dunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos que regulamentariamente se establezan con carácter previo ao inicio da actividade.
- h) O servizo de formación adaptada.



i) O servizo de apoio á inclusión residencial.

j) O servizo de intervención comunitaria en territorios en exclusión.

k) O servizo de actuacións en zonas de intervención social especial.

2. Será necesaria a presentación dunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos exixidos na normativa vixente para o inicio da actividade dos seguintes servizos:

a) O servizo de cobertura da necesidade de alimento. Sección de distribución de alimentos, de hostalaría e de menús elaborados.

b) O servizo de provisión de recursos básicos. Seccións de hixiene e de roupeiro.

c) O servizo de atención social continuada.

d) O servizo de atención urxente, cando se oferte con aloxamento completo.

e) O servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

3. Será necesaria unha autorización administrativa para a prestación dos seguintes servizos:

a) O servizo de atención nocturna.

b) O servizo de acollida básica.

c) O servizo integral de inclusión sociolaboral.

d) O servizo integral de inclusión en procesos terapéuticos.

Disposición transitoria única. Reclasificación dos centros e programas autorizados con anterioridade á entrada en vigor deste decreto

Os centros e programas autorizados pola consellería con competencias en materia de inclusión social ata o momento da entrada en vigor deste decreto reclasifícaranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Os albergues clasifícanse como servizos de atención nocturna.

b) Os programas desenvolvidos nos centros de acollida e inclusión clasifícanse como segue:

1º. O Programa básico de acollemento e inclusión social clasifícase como servizo integral de inclusión sociolaboral, sección de inclusión básica.

2º. O Programa de apoio social a procesos terapéuticos clasifícase como servizo integral de inclusión en procesos terapéuticos, sección de atención a persoas con trastornos adictivos.

3º. O Programa de transición á vida autónoma clasifícase como servizo integral de inclusión sociolaboral, sección de inclusión e transición ao emprego.

c) Os comedores sociais clasifícanse como servizos de cobertura da necesidade de alimento na sección de hostalaría.

d) Os centros de atención social continuada clasifícanse como servizos de atención social continuada.

e) Os centros de día para a inclusión social clasifícanse como servizos integrais de inclusión sociolaboral, sección de inclusión e transición ao emprego.

2. O procedemento de reclasificación iniciarao de oficio o órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais no prazo de dous meses desde a entrada en vigor deste decreto, logo de audiencia á entidade. Finalizada a instrución, coa audiencia da entidade, o órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos sociais emitirá a resolución de reclasificación no prazo dun mes desde a incoación. Contra a resolución de reclasificación, que non esgota a vía administrativa, poderá recorrer en alzada a entidade prestadora ante a persoa titular da consellería con competencias en materia de inclusión social.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Queda derogada a Orde do 25 de xaneiro de 2008, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto neste decreto.

Disposición derradeira primeira. Vixencia temporal das normas derogadas

Mentres non se diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto, continuarán en vigor as normas citadas na disposición derogatoria única.

Disposición derradeira segunda. Habilitación competencial

Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de inclusión social para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto no relativo á organización e materias do seu departamento.



Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, once de febreiro de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

José Manuel Rey Varela

Conselleiro de Política Social

ANEXO**Carteira de servizos**

1. A codificación da carteira e o detalle dos servizos e das prestacións económicas que contén é a que segue:

Área de servizos.

01. Servizos de prevención e primeira atención.

0101. Servizo de valoración, orientación e información.

I) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios básicos. Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PB1: Programa de valoración, orientación e información.

II) Tipoloxía:

Esencial.

Servizo de carácter técnico-profesional.

III) Definición: servizo dirixido a identificar situacións de risco e factores de vulnerabilidade, desde o punto de vista material e en relación co parámetro inclusión/exclusión. Neste senso, realizará unha valoración, desde unha perspectiva xeral, das necesidades das persoas e das súas circunstancias. Esta valoración servirá de base para unha orientación profesional específica e para o acceso ao servizo ou prestación económica (ou combinación destes) máis



adecuada. O servizo comprende, así mesmo, a información sobre os recursos e prestacións do Sistema galego de servizos sociais: persoas a que se dirixen, requisitos e procedementos de acceso, posibilidade de combinar distintos recursos e servizos, dereitos e obrigas, e calquera outra información de utilidade.

IV) Obxectivos:

Identificar e valorar necesidades.

Determinar o acceso aos servizos e recursos máis adecuados.

Mellorar o coñecemento e uso por parte da cidadanía dos recursos sociais dispoñibles na comunidade.

V) Destinatarios/as: persoas, familias e grupos sociais en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social.

VI) Forma de acceso: por solicitude da/s persoa/s interesada/s ou en resposta a necesidades detectadas.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

Valoración.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Información.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Orientación social básica.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0102. Servizo de asesoramento técnico especializado.

I) Nivel de actuación:



Servizos sociais comunitarios específicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes (en función da persoa usuaria):

PE2: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar.

PE3: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas inmigrantes.

PE4: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas emigrantes retornadas.

PE5: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas da comunidade xitana.

PE6: Programa específico de prevención e inclusión social dirixido a persoas en risco de exclusión doutras minorías socialmente vulnerables.

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

PE9: Programa específico de atención a persoas con discapacidade.

PE13: Programa específico de asesoramento, atención e orientación a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

PE14: Programa específico de atención a menores de idade en situación de risco ou conflito social.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter técnico-profesional.

III) Definición: servizo destinado a proporcionar información en materias de diversa índole que requiren un coñecemento especializado (estranxeiría, dereito familiar, abordaxe da violencia de xénero, discriminación por motivos raciais ou étnicos, etc.).

IV) Obxectivos:

Dar a coñecer os dereitos das persoas e a forma de exercelos.

Prestar apoio técnico especializado e acompañar na realización de trámites legais en procedementos administrativos ou xudiciais.

V) Destinatarios/as: persoas, familias e grupos sociais en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social que, polas súas circunstancias ou condicións, necesiten apoios específicos.



VI) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s ou en resposta a necesidades detectadas.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

Asesoramento técnico profesional.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Acompañamento na realización de trámites.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0103. Servizo de xestión de prestacións e emisión de informes.

I) Responsable:

Órgano da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais.

Corporacións locais.

II) Tipoloxía:

Esencial.

Servizo de carácter técnico-profesional.

III) Definición: servizo que realiza a tramitación administrativa de prestacións económicas de titularidade estatal (nomeadamente pensións non contributivas) e emite informes requiridos pola normativa vixente para o acceso a recursos promotores da inclusión social tanto do Sistema de servizos sociais como doutros sistemas (informe de cualificación da situación de risco, informe de arraigamento, etc.).

IV) Obxectivos: garantir o acceso nos supostos legalmente previstos ás prestacións económicas de titularidade estatal ou a recursos con acceso condicionado.

V) Destinatarios/as: persoas, familias e grupos sociais en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social.



VI) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s ou en resposta a necesidades detectadas.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

De oferta obrigatoria cando menos unha das prestacións do servizo.

Xestión de prestacións económicas de titularidade estatal.

Frecuencia: continua.

Emisión de informes.

Frecuencia: continua.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: non.

0104. Servizo de promoción da participación social.

I) Sección:

1. Inmersión lingüística.

2. Integración sociocultural.

II) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE3: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas inmigrantes.

PE4: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas emigrantes retornadas.

III) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter técnico-profesional.

IV) Definición: servizo dirixido á adquisición de habilidades lingüísticas e ao coñecemento dos costumes, funcionamento e valores da sociedade de acollida.

V) Obxectivos:



Fomentar a aprendizaxe das linguas da nosa comunidade como instrumento de integración social.

Adquirir coñecementos básicos sobre o funcionamento e os valores da nosa sociedade.

VI) Destinatarios/as: poboación inmigrante e emigrante retornada en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social.

VII) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s ou en resposta a necesidades detectadas.

VIII) Condicións de acceso: -.

IX) Prestacións que incorpora:

Accións formativas de alfabetización e competencia oral nas linguas oficiais de Galicia.

Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: ocasional.

Accións formativas dirixidas ao coñecemento dos valores e características da sociedade de acollida.

Oferta: obrigatoria para a sección 2.

Frecuencia: ocasional.

Mediación intercultural.

Oferta: opcional.

Frecuencia: ocasional.

X) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0105. Servizo de sensibilización e prevención da exclusión social.

I) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios básicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PB1: Programa de valoración, orientación e información.

PB5: Programa de fomento da cooperación e da solidariedade social.



II) Tipoloxía:

Normalizadora.

Servizo de carácter técnico-profesional.

III) Definición: servizo dirixido a provocar un cambio de actitudes individuais e colectivas mediante o traballo sobre as ideas, percepcións, estereotipos e conceptos para evitar ou reverter actitudes discriminatorias ou intolerantes. Inclúe tamén as actuacións de carácter preventivo destinadas á detección precoz de situacións de risco, así como aquelas dirixidas a resolver conflitos e a apoiar a convivencia na diversidade.

IV) Obxectivos:

Promover un posicionamento crítico sobre as diferentes formas de exclusión social.

Desmontar mitos e estereotipos para apostar pola responsabilidade social.

Fomentar o cambio de crenzas e actitudes.

Mellorar o entendemento entre persoas e grupos de distintas culturas e etnias.

V) Destinatarios/as: poboación xeral e grupos de poboación determinados.

VI) Forma de acceso: aberta ou sometida a criterio técnico.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

Actividades e accións de concienciación.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: ocasional.

Mediación social e/ou intercultural.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

02. Servizos de atención ás necesidades básicas.

0201. Servizo de cobertura da necesidade de alimento.



I) Sección:

1. Hostalaría.
2. Distribución de menús elaborados.
3. Distribución de alimentos.

II) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios básicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PB4: Programa básico de inserción social.

III) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter material.

IV) Definición: servizo de manutención, ben nun espazo destinado a esta finalidade ben mediante a distribución de alimentos.

V) Obxectivos: prover dunha alimentación equilibrada e evitar carencias nutricionais básicas.

VI) Destinatarios/as: persoas e familias en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social.

VII) Forma de acceso:

Solicitude da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte de persoal técnico de entidades prestadoras de servizos sociais ou de departamentos competentes en materia de servizos sociais, saúde ou educación.

VIII) Condicións de acceso: acreditación da carencia de medios económicos. Esta condición flexibilizarase no suposto de persoas sen teito e persoas en risco de pobreza por imprevistos ou circunstancias de carácter puntual.

IX) Prestacións que incorpora:

De oferta obrigatoria cando menos unha das prestacións do servizo; as marcadas como opcionais en ningún caso poderán prestarse de forma illada.

Restauración.



Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: diaria.

Enderezo postal.

Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: diaria.

Repartición de comida elaborada.

Oferta: obrigatoria para a sección 2.

Frecuencia: semanal.

Provisión de alimentos.

Oferta: obrigatoria para a sección 3.

Frecuencia: semanal.

Ducha e entrega de material de hixiene.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

Perrucaría.

Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

X) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0202. Servizo de provisión de recursos básicos.

I) Sección:

1. Hixiene.

2. Roupeiro.

3. Lavandaría.

4. Apoio material.



II) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios básicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PB4: Programa básico de inserción social.

III) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter material.

IV) Definición: servizo que dá cobertura ás necesidades de aseo persoal, vestiario e enxoval doméstico, así como ás de limpeza téxtil. Comprende, así mesmo, o apoio económico ou material para o acceso a recursos básicos tales como produtos de hixiene, medicinas, subministracións, material escolar, alugueiros, mobiliario, etc.

V) Obxectivos: cubrir situacións carenciais de recursos de carácter relevante para a persoa no desenvolvemento da vida diaria.

VI) Destinatarios/as: persoas, familias e grupos sociais en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social.

VII) Forma de acceso:

Solicitud de da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte de persoal técnico de entidades prestadoras de servizos sociais ou de departamentos competentes en materia de servizos sociais, saúde ou educación.

VIII) Condicións de acceso: acreditación da carencia de medios económicos. Esta condición flexibilízase no suposto de persoas sen teito e persoas en risco de pobreza por imprevistos ou circunstancias de carácter puntual.

IX) Prestacións que incorpora:

De oferta obrigatoria cando menos unha das prestacións do servizo; as marcadas como opcionais en ningún caso poderán prestarse de forma illada.

Ducha e entrega de material de hixiene.

Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: diaria.

Provisión de vestiario e enxoval doméstico.



Oferta: obrigatoria para a sección 2.

Frecuencia: semanal.

Lavado e secado de roupa persoal e enxoval doméstico.

Oferta: obrigatoria para a sección 3.

Frecuencia: semanal.

Apoio na provisión de medios e na obtención de documentos administrativos esenciais.

Oferta: obrigatoria para a sección 4.

Frecuencia: semanal.

Perrucaría.

Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

X) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0203. Servizo de atención social continuada.

I) Nivel de actuación:

- Servizos sociais comunitarios específicos. Correspondencia cos programa de servizos comunitarios:

PE1: Programa específico de xestión de centros autorizados de inclusión e emerxencia social.

II) Tipoloxía:

- Normalizador.

- Servizo de carácter material.

III) Definición: servizo de atención e cobertura das necesidades básicas perentorias, en horario continuado ou nun horario complementario ao resto de recursos sociais de atención ás situacións de exclusión.

IV) Obxectivos:

Asegurar a atención das necesidades básicas.



Contribuír aos procesos de axuste persoal e social das persoas.

V) Destinatarios/as: persoas en situación de necesidade que polos condicionamentos horarios non poidan ser atendidas polos demais dispositivos do sistema.

VI) Forma de acceso:

Solicitud de da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte de departamentos competentes en materia de servizos sociais, saúde ou xustiza ou de entidades prestadoras de servizos sociais.

Localización por parte das forzas e corpos de seguridade ou da cidadanía.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

Manutención.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Hixiene.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Descanso diúrno.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Roupeiro.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Atención á convivencia.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.



Apoio socioeducativo para adherencia a tratamentos de prescripción facultativa.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

Consigna.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0204. Servizo de atención nocturna.

I) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE1: Programa específico de xestión de centros autorizados de inclusión e emerxencia social.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter material.

III) Definición: servizo de cobertura temporal das necesidades de pernoita e outras de carácter básico.

IV) Obxectivos:

Asegurar un espazo para a atención das necesidades básicas durante a noite.

Contribuír aos procesos de axuste persoal e social.

V) Destinatarios/as: persoas que pasan por unha situación de carencia aguda que inclúe a non disposición efectiva de fogar ou apoio substitutivo.

VI) Forma de acceso:

Solicitud da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte do persoal técnico dos departamentos competentes en materia de servizos sociais, de entidades prestadoras de servizos sociais ou das forzas e corpos de seguridade.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

Aloxamento.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Almorzo e cea.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Hixiene.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Consigna.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Enderezo postal.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Lavado e secado de roupa persoal e enxoval doméstico.

• Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Información.

Oferta: obrigatoria.



Frecuencia: diaria.

Roupeiro.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

Apoio socioeducativo para a adherencia a tratamentos de prescripción facultativa.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

Canceira.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0205. Servizo de acollida básica.

I) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos cando implique aloxamento alternativo.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE1: Programa específico de xestión de centros autorizados de inclusión e emerxencia social.

Servizos sociais especializados cando implique internamento residencial.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter material.

Servizo de carácter técnico-profesional.

III) Definición: servizo de cobertura das necesidades de aloxamento e outras de carácter básico, que inclúe o desenvolvemento dun acompañamento técnico promotor da inclusión social.

IV) Obxectivos:



Asegurar un espazo de media-longa estadía para a atención das necesidades básicas.

Contribuír aos procesos de axuste persoal e social.

V) Destinatarios/as: persoas que pasan por unha situación de grave deterioración persoal e social e de carencia persistente que inclúe a non disposición efectiva de fogar ou apoio substitutivo.

VI) Forma de acceso:

Solicitud da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte do persoal técnico dos departamentos competentes en materia de servizos sociais.

VII) Condicións de acceso: valoración social realizada por persoal técnico especializado.

VIII) Prestacións que incorpora:

Valoración.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Aloxamento completo.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Manutención.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Apoio para preservar a autonomía persoal.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Enderezo postal.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.



Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Apoio socioeducativo para a adherencia a tratamentos de prescrición facultativa.

Oferta: obrigatoria.

- Frecuencia: diaria.

Roupeiro.

Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

Canceira.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0206. Servizo de atención na rúa.

I) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE2: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar.

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter técnico-profesional.

III) Definición: servizo dirixido á detección de situacións de vulnerabilidade ou exclusión, sen necesidade de esperar unha demanda explícita de axuda, e ao establecemento dunha relación

de confianza coas persoas que as sofren co fin de motivalas para o cambio e procurarlles o acceso na medida do posible aos recursos que precisan ou, cando non é viable, prestarlles a asistencia básica necesaria.

IV) Obxectivos:

Reverter procesos de exclusión social determinados por factores residenciais, discriminatorios e/ou por deterioración grave da saúde.

Reducir o dano nos supostos en que a consecución do obxectivo anterior non sexa posible.

V) Destinatarios/as: persoas que están sen fogar e persoas que por múltiples causas non accedan ao Sistema de servizos sociais.

VI) Forma de acceso:

Localización por parte do persoal técnico do Sistema de servizos sociais, das forzas e corpos de seguridade ou da cidadanía.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

Busca, localización e detección.

- Oferta: obrigatoria.

- Frecuencia: semanal.

Información e orientación.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: semanal.

Educación de rúa.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: semanal.

Acompañamento técnico especializado.

Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

Apoio socioeducativo para a adherencia a tratamentos de prescripción facultativa.



Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

Apoio psicológico.

- Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

Atención sociosanitaria.

Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: Si. 0207. Servizo de atención urgente.

I) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios básicos. Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PB4: Programa básico de inserción social.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter técnico profesional e material.

III) Definición: servizo que coordina o sistema de servizos sociais con outros sistemas para abordar en primeira instancia situacións de desprotección imprevistas, nun horario complementario ao funcionamento dos servizos sociais comunitarios básicos.

IV) Obxectivos:

Dar resposta inmediata a unha situación de emerxencia social.

V) Destinatarios/as: persoas e familias nunha situación de especial vulnerabilidade ou exclusión sobrevida.

VI) Forma de acceso:

Solicitud da/s persoa/s interesada/s ou da cidadanía.



Derivación por parte do persoal técnico do Sistema de servizos sociais e/ou doutros sistemas (sanitario, educativo, etc.), incluíndo as forzas e corpos de seguridade.

VII) Condicións de acceso: -.

VIII) Prestacións que incorpora:

Valoración.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Información e orientación.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Acompañamento técnico especializado.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Busca de recursos para a cobertura de necesidades primarias.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Aloxamento completo.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

Consigna.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Gardamobles.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.



IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

03. Servizos de atención integrada.

0301. Servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

I) Sección:

1. Inclusión básica.

2. Inclusión e transición ao emprego.

II) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE2: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar.

PE3: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas inmigrantes.

PE4: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas emigrantes retornadas.

PE5: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas da comunidade xitana.

PE6: Programa específico de prevención e inclusión social dirixido a persoas en risco de exclusión doutras minorías socialmente vulnerables.

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

III) Tipoloxía:

Esencial.

Servizo de carácter técnico-profesional.

IV) Definición: servizo orientado a reverter procesos de exclusión social, incluíndo a exclusión severa, mediante o apoio socioeducativo e psicosocial así como, de ser o caso, o fortalecemento das competencias precisas para posibilitar o acceso ao emprego. As prestacións e a súa intensidade variarán en función do establecido no correspondente proxecto de inclusión sociolaboral.

V) Obxectivos:

Contribuír aos procesos de axuste persoal e social.



Contribuír ao acceso e permanencia no mercado laboral.

VI) Destinatarios/as: persoas e familias en vulnerabilidade ou situación de pobreza e/ou exclusión social, incluíndo a exclusión severa.

VII) Forma de acceso:

Solicitudade da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte do persoal técnico dos departamentos competentes en materia de servizos sociais ou das entidades prestadoras de servizos sociais.

VIII) Condicións de acceso: subscrición dun proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral.

IX) Prestacións que incorpora:

Diagnose.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Acompañamento social.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral.

Oferta: obrigatoria para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Mediación social e/ou intercultural.



Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Mediación laboral.

Oferta: opcional para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Prospección e intermediación laboral activa.

Oferta: opcional para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Apoio á conciliación.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Reforzo socioeducativo para menores.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Apoio socioeducativo para a adhesión a tratamentos de prescripción facultativa.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

X) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0302. Servizo integral de inclusión sociolaboral.

I) Sección:

1. Inclusión básica.

2. Inclusión e transición ao emprego.

II) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.



Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE1: Programa específico de xestión de centros autorizados de inclusión e emerxencia social.

PE2: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar.

PE3: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas inmigrantes.

PE4: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas emigrantes retornadas.

PE5: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas da comunidade xitana.

PE6: Programa específico de prevención e inclusión social dirixido a persoas en risco de exclusión doutras minorías socialmente vulnerables.

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

Servizos sociais especializados cando implique internamento residencial.

III) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter material e técnico-profesional.

IV) Definición: servizo que integra dispositivos de apoio para a inclusión sociolaboral con recursos dirixidos á atención de necesidades básicas.

V) Obxectivos.

Asegurar a atención das necesidades básicas.

Contribuír aos procesos de axuste persoal e social.

Contribuír ao acceso e permanencia no mercado laboral.

VI) Destinatarios/as: persoas e familias en vulnerabilidade ou situación de exclusión social que non dispoñan de fogar ou apoio substitutivo.

VII) Forma de acceso:

Solicitud da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte do persoal técnico dos departamentos competentes en materia de servizos sociais.

VIII) Condicións de acceso: subscripción dun proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral.



IX) Prestacións que incorpora:

Diagnose.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Acompañamento social.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Aloxamento completo.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Manutención.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral.

Oferta: obrigatoria para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Roupeiro.

Oferta: opcional.



Frecuencia: semanal.

Atención á convivencia.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

Mediación social e/ou intercultural.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Mediación laboral.

Oferta: opcional para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Prospección e intermediación laboral activa.

Oferta: opcional para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Apoio á conciliación.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Apoio socioeducativo para a adherencia a tratamentos de prescripción facultativa.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

X) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0303. Servizo integral de inclusión en procesos terapéuticos.

I) Sección:

1. Atención a persoas con trastornos adictivos.

2. Atención a persoas con patoloxía mental crónica.



II) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE6: Programa específico de prevención e inclusión social dirixido a persoas en risco de exclusión doutras minorías socialmente vulnerables.

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

Servizos sociais especializados cando implique internamento residencial.

III) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter material e técnico-profesional.

IV) Definición: servizo que integra recursos dirixidos á atención de necesidades básicas e dispositivos de apoio para a inclusión vinculados á participación en programas terapéuticos de deshabitación e a patoloxías mentais crónicas.

V) Obxectivos:

Desenvolver un acompañamento socioeducativo nos procesos de deshabitación ou de tratamento de patoloxías mentais.

Asegurar a atención das necesidades básicas.

Contribuír aos procesos de axuste persoal e social.

Contribuír ao acceso e permanencia no mercado laboral.

VI) Destinatarios/as: persoas con trastornos adictivos que estean na última fase dun proceso terapéutico de deshabitación ou con patoloxías mentais crónicas estabilizadas clinicamente que se atopan en situación de exclusión social e que non dispoñen de fogar ou apoio substitutivo.

VII) Forma de acceso:

Solicitud da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte do persoal técnico dos departamentos competentes en materia de servizos sociais.

Derivación desde recursos do Sistema público sanitario.



VIII) Condicións de acceso:

Subscrición dun proxecto de inclusión.

Acreditación de carencia de medios económicos e de indispoñibilidade dunha rede familiar de apoio.

No suposto de toxicomanía, compromiso de seguimento do tratamento de deshabitación.

IX) Prestacións que incorpora:

Diagnose.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Deseño, seguimento e avaliación do proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Acompañamento social.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Aloxamento completo.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Manutención.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.



Apoio socioeducativo para a adherencia a tratamentos de prescripción facultativa.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: diaria.

Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Roupeiro.

Oferta: opcional.

Frecuencia: semanal.

Atención á convivencia.

Oferta: opcional.

Frecuencia: diaria.

Mediación laboral.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Prospección e intermediación laboral activa.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

Apoio á conciliación.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

X) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0304. Servizo de formación adaptada. I) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.



Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE2: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar.

PE3: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas inmigrantes.

PE4: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas emigrantes retornadas.

PE5: Programa específico de inclusión social dirixido a persoas da comunidade xitana.

PE6: Programa específico de prevención e inclusión social dirixido a persoas en risco de exclusión doutras minorías socialmente vulnerables.

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter técnico-profesional.

III) Definición: servizo dirixido ao deseño e á impartición de accións formativas axustadas á persoa baixo parámetros de proximidade, flexibilidade, calidade e innovación, que ten en conta as dificultades e obstáculos asociados a factores de vulnerabilidade, o que implica, entre outros compoñentes desta acción positiva, levar a cabo unha diagnose das especificidades da contorna, unha detección das necesidades e capacidades do alumnado, unha adaptación de contidos, metodoloxías e tempos da acción formativa, e realizar accións de motivación e apoio do exercicio da autonomía persoal.

Este servizo desenvólvese como parte dunha estratexia integral vinculada á participación nun proceso de inclusión sociolaboral e dirixida a acadar unha participación social plena.

IV) Obxectivos:

Contribuír aos procesos de axuste persoal e social.

Contribuír ao acceso e permanencia no mercado laboral.

V) Destinatarios/as: persoas e familias en vulnerabilidade ou situación de exclusión social, incluíndo a exclusión severa.

VI) Forma de acceso:

Derivación por parte do persoal técnico de apoio á inclusión sociolaboral.

VII) Condicións de acceso:



Subscripción dun proxecto de inclusión social e/ou sociolaboral.

VIII) Prestacións que incorpora:

Accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades persoais e sociais.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Prospección e intermediación laboral activa.

Oferta: opcional.

Frecuencia: continua.

IX) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0305. Servizo de apoio á inclusión residencial.

I) Sección:

1. Atención ao risco de perda da vivenda habitual.

2. Promoción do acceso e mantemento da vivenda.

II) Nivel de actuación:

Servizos sociais comunitarios específicos.

III) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de carácter técnico-profesional.

IV) Definición: servizo que comprende tanto accións de atención coordinada orientada a abordar situacións de inseguridade determinadas por risco serio de perda e/ou desafiuamento da vivenda habitual como de apoio ás persoas en procesos de inclusión sociolaboral que, por mor dos seus baixos ingresos e/ou outros factores de discriminación, teñen dificultades de acceso ou mantemento da estabilidade residencial.



V) Obxectivos:

Reducir as situacións de vulnerabilidade económica e/ou social.

Evitar o desafiuamento cando sexa posible.

Reducir os efectos da perda ou lanzamento cando inevitablemente se produza.

Favorecer o acceso á vivenda en alugamento e a estabilidade na vivenda.

VI) Destinatarios/as:

Sección 1: persoas e familias en risco de perda da vivenda habitual por situacións de execución hipotecaria, non pagamento de alugueiro e outras análogas.

Sección 2: persoas en procesos de inclusión social e/ou sociolaboral que polas súas circunstancias o precisen.

VII) Forma de acceso:

Solicitud da/s persoa/s interesada/s.

Derivación por parte do persoal técnico dos departamentos competentes en materia de servizos sociais.

VIII) Condicións de acceso: -.

IX) Prestacións que incorpora:

Intermediación inmobiliaria.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Orientación social.

Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: continua.

Asesoramento legal.

Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: continua.

Intermediación bancaria.



Oferta: opcional para a sección 1.

Frecuencia: continua.

Asesoramento financeiro.

Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: continua.

Orientación laboral.

Oferta: obrigatoria para a sección 1.

Frecuencia: continua.

Apoio psicológico.

Oferta: opcional para a sección 1.

Frecuencia: continua.

Prevención da discriminación no mercado da vivenda.

Oferta: obrigatoria para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Acompañamento nos procesos de transición a recursos residenciais estables.

Oferta: obrigatoria para a sección 2.

Frecuencia: continua.

Mediación e resolución de conflitos relacionados coa vivenda.

Oferta: opcional para a sección 2.

Frecuencia: continua.

X) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0306. Servizo de intervención comunitaria en territorios en exclusión.

I) Nivel de actuación:

- Servizos sociais comunitarios específicos.



Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de intervención comunitaria.

III) Definición: servizo dirixido a favorecer procesos estratéxicos de participación da comunidade, de cooperación entre axentes clave e de fortalecemento das redes sociais para abordar fórmulas de mellora da calidade de vida das persoas e mobilizar os recursos a prol do desenvolvemento de áreas xeográficas gravemente afectadas polos impactos do cambio demográfico.

IV) Obxectivos:

Incidir nas dinámicas de exclusión/inclusión inherentes aos territorios excluídos atendendo as súas necesidades específicas.

Promover a plena participación social.

V) Destinatarios/as: persoas e grupos sociais, especialmente en situación de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión, que residan nun territorio en exclusión.

VI) Forma de acceso: decisión técnica dos departamentos competentes en materia de servizos sociais, en colaboración con entidades prestadoras de servizos sociais.

VII) Prestacións que incorpora:

Dinamización social comunitaria.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Prestacións do servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

Oferta: a establecida para cada prestación no servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

Frecuencia: a establecida para cada prestación no servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

VIII) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

0307. Servizo de actuación en zonas de intervención social especial.



I) Nivel de actuación:

- Servizos sociais comunitarios específicos.

Correspondencia cos programas de servizos comunitarios seguintes:

PE7: Programa específico de inclusión social dirixido, de xeito integrado, a persoas en risco de exclusión de varios colectivos socialmente vulnerables diferentes.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Servizo de intervención comunitaria.

III) Definición: servizo consistente no deseño e realización de plans de transformación promovidos por corporacións locais que, baseados nunha diagnose social da comunidade, se dirixen a desenvolver actuacións en zonas onde se concentran dunha maneira significativa ou anómala situacións de exclusión social na poboación residente. Estas actuacións terán carácter complementario aos servizos normalizados e desenvolveranse de xeito coordinado entre os departamentos administrativos competentes nos diferentes ámbitos clave (servizos sociais, vivenda, urbanismo, saúde, educación e emprego).

IV) Obxectivos:

Promover unha transformación integral dos espazos físicos e das dinámicas comunitarias revertendo os procesos de exclusión social ligados a eles.

Contribuír aos procesos de axuste persoal e social e ao acceso e permanencia no mercado laboral das persoas e familias destinatarias.

V) Destinatarios/as: persoas e familias residentes en áreas urbanas e periurbanas, nomeadamente aquelas en risco ou situación de exclusión social.

VI) Forma de acceso: declaración de zona de intervención social especial por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ben de oficio ou por instancia dos concellos afectados.

VII) Prestacións que incorpora:

Intervención coordinada nas áreas de servizos sociais, urbanismo, vivenda, educación, sanidade e emprego.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.



Dinamización social comunitaria.

Oferta: obrigatoria.

Frecuencia: continua.

Prestacións do servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

Oferta: a establecida para cada prestación no servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

Frecuencia: a establecida para cada prestación no servizo de apoio á inclusión sociolaboral.

VIII) Posibilidade de oferta por entidades prestadoras de servizos sociais: si.

Área de prestacións económicas.

04. Renda de inclusión social de Galicia (Risga).

I) Responsable:

O órgano da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais.

II) Tipoloxía:

Esencial.

Prestación económica.

III) Definición e obxectivos: axuda monetaria de carácter periódico destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inclusión con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

IV) Destinatarios/as: persoas en risco ou situación de exclusión social, segundo o recollido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que cumpran cos requisitos de acceso desta axuda.

V) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s.

VI) Condicións de acceso:

Ter residencia efectiva e constatada polos servizos sociais comunitarios e estar empadroadou empadroada en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración.

Ter residencia legal.



Ter máis de 25 anos.

Dispor na unidade de convivencia de ingresos inferiores ao tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispor de ben patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.

Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade de lles prestar alimentos de acordo coa lexislación civil, e tendo en conta o disposto no artigo 16 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Existen na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, unha serie de excepcións a estes requisitos xerais, artigo 13 e seguintes.

05. Axudas de inclusión social (AIS).

I) Responsable:

Órgano da Administración autonómica competente en materia de servizos sociais.

Corporacións locais.

II) Tipoloxía:

Esencial.

Prestación económica.

III) Definición: axuda monetaria non periódica.

IV) Obxectivos:

Posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social.

Atender situacións de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social.

V) Destinatarios/as: persoas en risco ou situación de exclusión social, segundo o recollido no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

VI) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s.

VII) Condicións de acceso:

Ser maior de idade.

Estar empadroadado ou empadroadada e ter residencia constatada polos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.



Non dispor de ingresos suficientes segundo a definición legal para afrontar os gastos derivados da situación que xustifica a solicitude da axuda.

06. Prestacións económicas destinadas a paliar situacións de necesidade social.

I) Responsable:

Corporacións locais.

II) Tipoloxía:

Normalizador.

Prestación económica.

III) Definición: axudas monetarias de pagamento único ou periódico.

IV) Obxectivos:

Atender situacións de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social e/ou garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como procurar a súa autonomía e integración social e laboral.

V) Destinatarios/as: persoas en situación de exclusión social, que cumpran cos requisitos de acceso establecidos pola corporación local correspondente.

VI) Forma de acceso: solicitude da/s persoa/s interesada/s.

VII) Condicións de acceso: as establecidas na normativa da corporación local correspondente.

2. Definicións. Para os efectos da regulación contida neste decreto, enténdese por:

I) Servizo esencial: aquel exixible como dereito e garantido para as persoas que cumpran as condicións establecidas de acordo coa valoración técnica da súa situación.

II) Servizo normalizador: aquel que estará incluído na oferta habitual en función das disponibilidades orzamentarias e en réxime de concorrencia.

III) Servizos de carácter técnico-profesional: aqueles actos profesionais realizados para a información, orientación, asesoramento e acompañamento ás persoas, ás familias ou aos grupos, para a valoración e diagnóstico social das demandas da cidadanía e para a intervención social, biopsicosocial, sociolóxica ou socioeducativa que favoreza a adquisición ou recuperación de funcións e habilidades persoais e sociais de cara á mellora da autonomía, da convivencia social e familiar e á inclusión social.

IV) Servizos de natureza material: aqueles destinados a cubrir as necesidades básicas mencionadas no artigo 20.1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.



V) Servizos de intervención comunitaria: aqueles que, baseándose nun diagnóstico e mediante estratexias participativas, realizan procesos de transformación social e desenvolvemento territorial como medida de cohesión.

VI) Prestacións económicas: apoios monetarios, de carácter periódico ou de pagamento único, que teñen como finalidade atender situacións de necesidade de carácter social, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

VII) Servizos sociais comunitarios básicos: aqueles de carácter local, aberto e polivalente que constitúen a canle normal de acceso ao sistema de servizos sociais e que desenvolven as funcións previstas no artigo 11 da Lei 13/2008, do 3 de decembro.

VIII) Servizos comunitarios específicos: aqueles que se dirixen a persoas con problemáticas identificadas e singulares, que teñen por finalidade a súa normalización e reincorporación social ou servir como espazo de tránsito a un servizo especializado.

IX) Servizos sociais especializados: aqueles que se desenvolven en referencia a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada que demanda unha maior especialización técnica, unha especial intensidade na intervención ou unha base territorial de intervención de carácter supramunicipal.

X) Destinatarios/as: aquelas persoas en cuxo interese directo se presta o servizo, ou que reúnen os requisitos legalmente establecidos para o acceso a unha prestación económica.

XI) Prestación obrigatoria: aquela que constitúe parte definitoria da natureza do servizo e polo tanto de carácter indispensable.

XII) Prestación opcional: aquela complementaria ao carácter esencial do servizo.

XIII) Frecuencia: periodicidade con que se realiza a prestación. Pode ser diaria: todos os días da semana; continuada: mínimo cinco días á semana; semanal: entre unha e catro veces á semana, ou ocasional: unha vez cada quince días ou máis ou inferior ou sometida a ciclos de programación ou períodos de dispoñibilidade.

XIV) Situación ou risco de exclusión social: aquela provocada pola ausencia ou déficit grave de recursos económicos, a situación de desemprego ou de actividade laboral con baixa remuneración pola súa natureza descontinua ou parcial, e a concorrencia doutros factores que condicionen negativa e gravemente a inclusión social e laboral, tales como a monoparentalidade, o trastorno adictivo, a violencia de xénero, a discapacidade, etc.

XV) Exclusión social severa: situación en que se atopan as persoas que presentan déficits graves de tipo persoal e relacional e/ou en áreas vitais clave e que precisan, por iso, unha maior intensificación e/ou especificidade dos apoios dirixidos a reverter as súas circunstancias.

XVI) Mediación social e intercultural: apoio profesional destinado a facilitar a comunicación, o entendemento e a transformación das relacións entre persoas e grupos sociais culturalmente diferenciados, así como a previr e solucionar conflitos e/ou construír unha nova realidade social compartida.

XVII) Enderezo postal: localización física de referencia de que dispón a persoa usuaria dun servizo para os efectos de trámites fiscais e administrativos, de xeito que lle permita recibir correspondencia, notificacións de diversa índole, etc.

XVIII) Apoio na provisión de medios e na obtención de documentos administrativos esenciais: prestación que consiste no apoio económico ou material para o acceso a recursos básicos tales como produtos de hixiene, medicinas, subministracións, material escolar, alugueiros, mobiliario, etc., co obxectivo de cubrir estas necesidades.

XIX) Atención á convivencia: disposición de espazos e medios para o encontro e a relación interpersoal, o acceso a información para o coñecemento dos recursos sociais (carteleiras, prensa, información dixital, etc.) e para o desenvolvemento de actividades de lecer.

XX) Apoio socioeducativo para a adherencia a tratamentos de prescrición facultativa: accións de acompañamento dirixidas a favorecer, como parte dun seguimento, a adquisición de hábitos para o cumprimento das pautas e rutinas de medicación en tratamentos de enfermidades agudas e/ou crónicas.

XXI) Aloxamento completo: prestación que, ademais do aloxamento, comprende os recursos precisos para a cobertura das necesidades de aseo persoal, lavado e secado de roupa e manutención.

XXII) Apoio para preservar a autonomía persoal: prestación dirixida a proporcionar os apoios (humanos e técnicos) precisos para axudar a persoa no desenvolvemento das actividades básicas da vida diaria.

XXIII) Accións de fortalecemento das capacidades persoais e sociais: actuacións que contribúen aos procesos de axuste persoal e social, a través da motivación, do desenvolvemento de habilidades persoais e relacionais, do apoio psicolóxico, e todas aquelas que promovan o dito axuste.

XXIV) Persoas que están sen fogar: persoas sen teito, sen vivenda, con vivenda insegura ou con vivenda inadecuada, que non poden acceder ou conservar un aloxamento axeitado, adaptado á súa situación persoal, permanente e que proporcione un marco estable de convivencia, xa sexa por razóns económicas ou outras barreiras sociais ou porque presentan dificultades persoais para levar unha vida autónoma.

XXV) Educación de rúa: accións de carácter socioeducativo promotoras do axuste persoal e social que se desenvolven en medio aberto como parte dunha resposta adaptada ás problemáticas individuais detectadas. O desenvolvemento destas accións realízase dun xeito coordinado cos recursos locais dos diferentes sistemas de protección.



XXVI) Busca de recursos para a cobertura de necesidades primarias: accións de coordinación e cooperación entre axentes multisistema dirixidas a garantir a cobertura inmediata das necesidades básicas das persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social debido a feitos imprevistos ou que precisan de resposta inmediata.

XXVII) Diagnose: descrición e valoración profesional das necesidades sociais e capacidades que presentan as persoas e familias, e o seu contexto, co obxectivo de determinar o proxecto de inclusión sociolaboral.

XXVIII) Proxecto de inclusión sociolaboral: marco de traballo deseñado e pactado entre a persoa interesada e o/a profesional de referencia e que establece as actuacións necesarias para lograr unha plena participación social e laboral. O seu desenvolvemento adopta unha metodoloxía baseada en itinerarios.

XXIX) Acompañamento social: prestación en que a persoa participa, en interacción cun/cunha profesional cualificado/a, nunha relación de axuda que contribúe a mellorar o seu desenvolvemento autónomo e integración social. Permite á persoa contrastar a súa situación, detallar os seus obxectivos en relación co mantemento ou desenvolvemento da súa autonomía persoal e integración social, e contar, para alcanzalos, cunha persoa de referencia que, ao longo do proxecto de inclusión sociolaboral, sexa capaz de ofrecerlle apoio. O desenvolvemento desta prestación realizarase en coordinación cos dispositivos implicados no proceso de inclusión pertencentes ao Sistema público de protección social.

XXX) Accións promotoras do acceso e permanencia no mercado laboral: actuacións de formación prelaboral, orientación laboral, formación ocupacional, acompañamento laboral e todas aquelas que promovan a mellora da empregabilidade.

XXXI) Mediación laboral: actividades no marco dun proceso individual de inclusión sociolaboral dirixidas a evitar que xurdan conflitos entre partes no ámbito laboral ou a resolver os que se produzan.

XXXII) Prospección e intermediación laboral activa: accións de carácter técnico dirixidas, por unha banda, a identificar viveiros de emprego que determinen contidos formativos de cualificación para o emprego e, pola outra, a establecer canles de colaboración co empresariado para dispoñer de información e desenvolver accións conxuntas que permitan acadar ou favorecer os obxectivos de inclusión sociolaboral.

XXXIII) Apoio á conciliación: posta á disposición dos medios para a atención de menores e/ou persoas dependentes das persoas con proxecto de inclusión sociolaboral, de forma que se facilite a súa participación nel.

XXXIV) Reforzo socioeducativo a menores: intervención socioeducativa que inclúe o reforzo, orientación e apoio ao alumnado para reforzar a importancia da educación, evitar o abandono prematuro da etapa de escolarización obrigatoria, reducir o absentismo escolar e facilitar a transición entre a educación primaria e a secundaria.

XXXV) Acompañamento nos procesos de transición a recursos residenciais estables: apoio profesional dirixido a mellorar a adaptación das persoas e/ou familias nas situacións de cambio de vivenda, así como as habilidades que permitan a súa convivencia en veciñanza.

XXXVI) Intermediación inmobiliaria: accións profesionais programadas e desenvolvidas co obxecto de acadar unha opción residencial estable (mínimo un ano) en réxime de alugamento, que inclúe entrevistas coas persoas interesadas, busca e manexo de portais do mercado de vivenda privada, entrevistas con persoas arrendadoras e xestión e trámites para acceso a bolsas de vivendas de alugamento social.

XXXVII) Territorio en exclusión: aquel que, como consecuencia dos impactos do cambio demográfico (envellecemento e declive de poboación) unidos a unha alta dispersión da poboación, falta de oportunidades de emprego e dificultade de acceso a servizos públicos, presenta dificultades importantes para o seu desenvolvemento.